



AXUDAS COMEDOR ESCOLAR XESTIÓN DIRECTA. CORONAVIRUS: COVID-19

1. A qué persoas vai **dirixido**?

Ás familias do alumnado que ostentan a condición de **gratuíto** e do que por renda familiar resulta pagador **dun euro** polo Servizo de Comedor.

É dicir, a **familias que pagan 0 euros** polo comedor, **ou 1€** polo mesmo.

2. En qué consiste a axuda?

Nunha compensación do custo diario do menu nos días lectivos da suspensión do comedor polas medidas adoptadas coa pandemia do COVID-19:

- **2,50 €** por cada día lectivo no casos de alumnado con **gratuidade total**
- **1,50€** para o alumnado por cada día lectivo que paga **1€**

Non se cobran os 4,50€ porque a Consellería só paga a manutención e explica que ese custo suma tamén o persoal, a menaxe, o voluntariado,...

3. Cómo presentar a **solicitude** e qué prazo hai?

Prazo: dende o día **31 de marzo o 6 de abril**, ambos inclusive.

Presentación: **Telemática**, de dous xeitos:

- 1. Formulario normalizado dispoñible na **sede electrónica da Xunta** de Galicia, <https://sede.xunta.gal> Para elo é necesario ter **certificado dixital**, **ou a chave 365**.
- 2. **Dirección do centro**: enviando un **correo electrónico** a cpi.armando.cotarelo@edu.xunta.es cos seguintes datos:
 - o **Nome** completo e **DNI** do pai ou nai
 - o Tipo de **Pagamento**: gratuidade total ou abono de 1€
 - o Nome do **alumno/-a**:
 - o Número de **conta bancaria**:



4. Qué días cubre esta axuda?

Dende o 16 de Marzo ata o 3 de Abril: en total 14 días lectivos. Pois está a Semana Santa polo medio.

Prórroga: se se prolonga outros 15 días cubriría 14 días lectivos. Sería ata o 1 de maio (non incluído por ser festivo)

5. Cómo se vai pagar?

En dous pagamentos:

1º pagamento: polo período de marzo e o de abril ata semana santa (3 de abril). 14 días

2º pagamento: se se prorroga a situación de alarma ata o 1 de maio. 14 días

6. Canto tempo tarda en resolverse a resolución?

15 días: 10 días, para resolver todas as presentacións das solicitudes. E 5 días máis para aboalo.

7. Publicítase a resolución das familias beneficiadas?

Non será exposto publicamente as familias beneficiadas de acordo artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Aclaración: cada familia saberá si é beneficiaria por ingreso de conta bancaria.